

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LOGO DE VER a necesidade aprobar a política de seguridade a fin de poder cumprir especialmente no ámbito da administración electrónica os requisitos do esquema nacional de seguridade e seguir avanzando na protección dos datos e comunicacións realizados polo Concello de Oroso, así como a necesidade de proceder á aprobación da solicitude do POS +2024 e POS+ Adicional; 1-2024 gastos sociais extraordinarios sendo o derradeiro día para a súa remisión á Deputación Provincial o día 9/02/2024. Logo de ver igualmente a necesidade de proceder a aprobar o expediente de modificación orzamentaria 01/2024 na modalidade de crédito extraordinaria financiado mediante baixas por anulación de outras partidas que se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo, sen que poida demorarse ao Pleno ordinario previsto para o derradeiro xoves do mes de marzo a fin de asegurar un correcto funcionamento dos servizos e actividades municipais.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023. E que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro permite a celebración de sesións extraordinarias que non cumpran coa periodicidade das sesións ordinarias fixadas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e tendo en conta a necesidade de proceder a aprobar os citados asuntos no prazo mais breve posible non sendo posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario. Considerando polo tanto non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 08/02/2024

Hora: 09:30 h. a 1.^a convocatoria e ás 09:30 h. a 2.^a, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1º.-Aprobar se procede a política de seguridade do Concello de Oroso (Exp. 2024/G013/000001).

2.- Aprobar se procede inicialmente o expediente de modificación orzamentaria 01/2024 na modalidade de crédito extraordinaria financiado mediante baixas por anulación doutras partidas (EXP. 2024/T002/000001).

3º.-Aprobar se procede a solicitude do POS+2024 (EXP. 2023/A008/000051).

4º.-Aprobar se procede a solicitude do POS + 2024 Adicional 1-2024, gasto social extraordinario (EXP. 2024/008/000001).

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.gov.es/portal/abrirCMS>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario do Concello.
Federico Suárez Canelo.